

Presentamo aquí o traballo de Historia oral feiro polo alumnado de cuarto durante o curso 2006-07 na materia de Historia moderna e contemporánea.

O traballo empezouse a preparar no segundo trimestre, pensado nos posibles persoas entevistadas, posteriormente realizouse un guión de posibles preguntas que cada un dos alumnos preparó según a persona que ía a entrevistar.

A continuación preparáronse as charlas, decidiuse o tempo as gravacións e olugra e hora máis conveniente.

Non foi doado . Non todo o mundo quere falar, vidas difíciles, situacións comprometidas ou dificultades personales ou económicas condicionaron a charla. Pero todos os familiares colaboraron. Aportaron fotografías e moitos documentos personais.

Foi reconfortante falar cos familiares faiselles saber que a súa vivencia é importante, que eres tamén son Historia. E sobre todo que sexan oídos polos seus netos.

Así tamén se fai Historia.

A lectura dos traballos colócanos en primeira persoa a historia recente e axúdanos a comprender millor os feitos históricos. Son vivencias moi interesantes.

As dificultades económicas, o estraperlo, os horrores e as vítimas da guerra, a loita pola supración en momnetos difíciles, a emigración, o sacrificiso de tantos homes e mulleres vese aquí reflexado.

Varios dos nosos informantes finaron ó longo do proceso de entrevistas, pero dixaron o seu testemuño para sempre.

O abuelo de Laura Guzmán, o tío de Fátima Graña e o abuelo de Patricia Pardo.

Como homenaxe a eles.